

As coplas de 3º Ciclo

I
 ¡Ola maio amigo...
 ¡por fin xa chegaches...
 Queremos que connosco
 moi ben o pases.

Vente maio ledo
 e tráenos o sol
 que a chuvia este ano
 xa nos chegou

Un maio de flores,
 un maio florido
 Un maio de amores...
 ¡que sexa benvido!

Escóitanos maio
 que che imos cantar
 unhas cantas coplas
 para criticar...

De nós din os profes
 que berramos moito...
 ¿será que estaremos
 un pouco xordos?

Dámoslle a lingua
 con moito afán...
 Váisenos botar fóra
 ¡de tanto falar!

Revoltos andamos
 a máis non poder...
 ¿será a primavera...
 ou que vai chover?

O profe Pepe
 e o profe Manolo
 con tantos deberes
 vólvennos tolos.

¡Xesús cantos libros!
 Xesús que fastidio!
 ¡Que ben que o paso
 coa play os domingos..!

II
 Este ano nos deportes
 andamos moi liadas
 Co fútbol e o baloncesto
 estamos moi esgotadas.

Nós, as de baloncesto
 estamos moi enfadadas
 nin un partido sequera
 xogamos en todo o ano!

III
 Ó castro de Trelle
 fomos de excursión.
 A pé camiñamos
 ¡como campións!

A Pui connosco
 ía a toda présa...
 Está en boa forma...
 ¡parece unha atleta!

Dani foi o guía
 desta excursión...
 ¡Era o seu pobo
 e facíalle ilusión!

IV
 No día do libro
 todos compartimos
 miles de historias
 no noso mercadiño

Todos se esgotaron
 nun santiamén...
 Moitos len de día
 e de noite tamén!

V
 Ao concello fomos
 a celebrar un pleno
 e dos nos pobos
 cousas propuxemos.

O sr. Alcalde
 e os concellais
 connosco debateron...
 ¡Foi fenomenal!

Unha biblioteca
 tamén unha piscina
 campos de deportes
 e unha vida digna.

Contedores de lixo
 para reciclar
 vidro e papel...
 plástico e demais.

Composteiros na casa
 ¡que idea xenial...
 Os restos da comida...
 ¡abono serán!

Así as nosas hortas
 verduras darán
 sabrosas e sans
 ¡Que ben nos farán!

¡Viva a democracia
 e a diversidade...
 Que se nos escoite...
 ¡é unha necesidade!

VI
 Din que nos coles
 vaise propoñer
 que algunhas clases
 se den en inglés.

Con isto do decreto
 do plurilingüismo...
 imos sair do cole
 ¡feitos uns ministros!

Si que está ben
 saber mil idiomas
 pero sen esquecer
 a lingua nosa.

Deica logo maio,
 ata o ano que ven...
 Que tod@s no cole
 o pasemos ben....

